



HOMENAXE A
ISAAC DÍAZ PARDO
NO SEXTO CABODANO



ACADEMIA
REAL ISAAC
DÍAZ PARDO



A. C. IRMÁNS
SUÁREZ
PICALLO



No cemiterio de Boisaca ao inicio do acto na tumba de Isaac coas bandeiras de Galicia e da República.
(Foto do arquivo de Carme Villar e Eduardo Navarro)

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo
comisionsuarezpicallo@gmail.com
<http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo>

Coedita: Academia Real Isaac Díaz Pardo
(Xesús Alonso Montero, o seu presidente, advertiu “Academia real, non Real Academia: grupo de amigos sen recursos económicos, pero con toda a forza da ilusión e o entusiasmo que Isaac transmitía, para que non esqueza nin o seu legado nin a súa memoria)

Maquetación e impresión: Lugami Artes Gráficas
Depósito Legal: C 815-2014
Tirada: 600 exemplares
Sada, 18 novembro no centenario da Asemblea Nacionalista de Lugo

As imaxes que se inclúen neste Caderno pertencen aos arquivos de Eduardo Navarro e Carme Villar e ao de Marisa Naveiro

Directiva - presidente: Francisco A. Pita Fernández / vicepresidente: Manuel Pérez Lorenzo / secretario: Manuel Blanco Dans / vicesecretaria: Marisa Naveiro López / tesoureiro: José Garrote Martín / vogais: Vanesa Santiago Vázquez, Estevo Rodríguez Liste, Jesús Castro Vidal, Rafael Carballeira Coego, Xaime Rodríguez Rodríguez, David García Pauwels, Carme Gratacós Ríus, Rexina Basadre Orozco, Amable Carballeira Caño

INTRODUCCIÓN

O pasado 7 de xaneiro, tivo lugar no cemiterio de Boisaca (Santiago de Compostela), presidida esta vez pola chuvia, aínda que non dun xeito continuo, unha nova homenaxe en lembranza de Isaac Díaz Pardo polo seu VI cabodano, organizada pola Academia Real Isaac Díaz Pardo e conducida por Patricia Arias Chachero. Neste caderno, como vén sendo habitual, recóllense as intervencións que se sucederon para que queden gravadas para sempre en memoria do inesquecible artista e empresario.



O grupo de gaitas “Os Catro de Vigo”.

PROGRAMA

- Limiar: procesión cívica ata a tumba de Isaac Díaz Pardo, precedidos do grupo de gaitas Os Catro de Vigo.
- Olivia Tudela recita “Compañeiros da miña xeración mortos ou asasinados”, de Lorenzo Varela.
- Conduce o acto Patricia Arias Chachero.

PRIMEIRA PARTE: alocucións

- Clodomiro Montero Centrón
- Afonso Vázquez Monxardín
- Víctor Freixanes

SEGUNDA PARTE: poesía e recitación

- María do Cebreiro
- Claudio Rodríguez Fer

TERCEIRA PARTE: ofrenda

- Ofrenda floral a Isaac Díaz Pardo, por Rita Ramos Pérez e Hugo Rojo Antelo.
- Solta de pombas e ofrenda de mazás.
- Palabras de clausura do acto de Xesús Alonso Montero.
- O grupo de gaitas Os Catro de Vigo interpretan a Marcha do Antigo Reino de Galicia e un pasodobre tradicional.
- Interpretación da canción “Grândola, Vila Morena”.
 - O noso agradecemento aos artistas plásticos Roi Cagiao e Antón Pulido pola súa desinteresada colaboración.
 - Os textos lidos nesta xornada de homenaxe publicaranse decontado nun opúsculo que editará a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.
 - Ao final do acto, os asistentes recibirán o libro de IDP *Presencias galegas nas artes dos nosos días* (1993), publicado pola Fundación Otero Pedrayo, institución que nos agasalla con este volume.



COMPAÑEIROS DA MIÑA XERACIÓN MORTOS OU ASASINADOS

*¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!
Facíamos un feixe de campos e de estrelas,
e, ó pisar ise chao que latexaba,
sentíamos subir pola sangue o misterio.
O noso corpo era o camiño da maxia,
a escada pola que viña a lúa,
o zume de tódolos segredos,
a canción da herba que resucitou.
E o mesmo verme era unha folla leda,
un mensaxeiro do sagrado alén.*

*Morréchedes, matáronvos, deixáronme.
Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras.
E gardo, coma un morto,
no centro do silencio, da sede, da agonía,
o día que vos poida levar á sepultura
unha cesta de pombas e mazás.
¡Tan doce era a xuntanza miña e vosa,
de todos nós co mundo!*

(Lorenzo Varela. Lonxe. 1954)



Olivia Tudela





Roi Cagiao

PRIMEIRA PARTE

Mil Isaacs para Galicia

Clodomiro Montero



Foi Isaac Díaz Pardo un bo fillo? Si. Un bo pai? Tamén. Foi un bo veciño? Certo. Un resistente? Seguro. Pintor? Acredítano centos de retratos, debuxos, cadros de influxo renacentista, temas bíblicos, fermosísimos espidos de mulleres, cadros de fondo compromiso social cos desfavorecidos etc.

Foi ceramista? Abofé que si. A cerámica do Castro cos seus espidos sensuais, as xerras, a creación do Laboratorio de Formas de Galicia. Sargadelos, faro, santo e seña, vangarda ética no mundo empresarial galego. O Seminario de Estudios Cerámicos, o Instituto de Mineraloxía e Cerámica Técnica, e os encontros estivais que fixeron viable a osmose arte-industria.

Escribiu algo Isaac? E non pouco, desde poesía co pseudónimo de Xalo a libros de ensaio sobre industrias de manufactura e cerámica, carteis de cego etc. Amén de impulsar o mundo do libro con Edicións do Castro. Diseñador? De todo, un Da Vinci, desde un pendente, un anel a unha vaixela.

Tivo inquietudes políticas? Das boas, todas. Demócrata militante, republicano, polo tanto, home de esquerdas activo, comprometido coa súa terra, Galicia, coa súa xente, os menos favorecidos, os máis necesitados.

Todo este currículo chegaría para poñer a Isaac no pedestal dos galegos senlleiros do século XX. E, como se diría en galaico-portugués, xixica, pouca cousa comparada coa verdadeira dimensión de Isaac.

Díaz Pardo foi empresario. Profesión, oficio, traballo máis engaiolante e fermoso a que pode aspirar un ser humano. Xa sei que o termo empresario é unha palabra emporcada, un esterqueiro donde se encontran tódolos cacos, vividores, especuladores e ladróns que pululan arredor do diñeiro.

Non, non, non, Isaac foi empresario, creador de bens, xerador de riqueza para repartir e compartir coa xente que te acompaña na túa traxectoria vital.

Que facía, que producía Díaz Pardo? TERRA. Vendía terra, vendía Galicia: ilusión, futuro, fe no porvir. “Mal de min se algún día teño que vender un plato”. Oínlle dicir (os que se quedaron coa idea de Isaac, seica se dedican a vender platos...)

Os empresario, por selo, nadan sempre contra corrente, incomprendidos. Son a vangarda que, cando nós vamos, eles xa veñen. De aí a admiración e envexa. Son o fermento que fai levedar, madurar a masa coa que se elabora o pan do futuro.

Como pagamos ós mestres dos nosos netos? Aos médicos que, gratis, alivian as doenzas dos anos?

Escoitade: Veño de Ourense, desde que se instaurou a democracia perdemos o 40%, 150.000 veciños. Sen epidemias e sen guerras, que pasou? Que se fixo coa inxente cantidade de cartos que veu de Europa para fixar poboación? Cando votamos por primeira vez (1977) había 170.000 vacas. As vacas son compatibles coa democracia, canta máis democracia, máis vacas ten que haber. No Ribeiro produciamos 35 mil de quilos se uvas. Esta derradeira colleita non chegamos aos nove. Na provincia vivimos máis-menos os mesmos veciños que na cidade de Vigo. Para atendernos hai 92 alcaldes, miles de concelleiros, deputados provinciais, mancomunidades, miles e miles de “zánganos” que os de Ventosela chamamos “Chupós”. Chupasangue, chuchando o pouco que lle queda a unha provincia exhausta e envellecida. O país dos mil ríos é incapaz de producir unha troita, iso si, temos o mellor índice de funerarias por habitante e as mellores granxas para vellos xestionadas por curas. Dispoñemos das mellores instalacións de burócratas de Europa, só nos supera a granxa de San Caetano, onde engordan e seleccionan xenéticamente a liña de “zánganos” que despois exportan ás catro provincias. O seu maior logro? montar a industria do lume, avións, helicópteros, cisternas, motobombas, bombeiros... co fácil que é substituír apagafentos por agricultores, gandeiros e pastores. Producir, crear riqueza, repartila.

Se non se pon remedio, en pouco tempo os nosos netos e bisnetos nas escolas doutras terras estudarán os pobos hispanos desaparecidos, é dicir, íberos, celtas, celtíberos e ourensáns. Por iso, amigos e compañeiros, parodiando a don Álvaro Cunqueiro, mil primaveras máis para Galicia, aquí e agora reclamo e esixo mil Isaacs para a nosa terra, un milleiro de empresarios, a Ourense tócanos douscentos cincuenta, nin un menos.

Bo día, saúde e República.

*Palabras de Afonso
Vázquez-Monxardín, no sexto
cabodano de Isaac Díaz Pardo*



Afonso Vázquez

Bos días a todas e a todos. Ante todo permítanme que comece por darlles as grazas a vostedes pola súa asistencia e aos organizadores por me teren convidado a dicir unhas palabras neste acto e, así, render tamén homenaxe a unha amizade que cruza tres xeracións, pois xa meu avó Afonso foi amigo de Isaac, e, creo, tamén de seu pai, por andaren entrambos nas cousas do galeguismo da preguerra. E meu pai, Xosé Lino, tamén coincidiu con Isaac en moitas angueiras galeguistas de tempos máis recentes. Graciñas, pois, a todos por todo.

Para este acto escribín unhas pequenas palabras que paso a lerlles para concretar e non exceder o tempo que indicou a organización. Din así.

A postura normal de Isaac Díaz Pardo nunha conversa era coa cabeza lixeiramente abaixada, erguidos uns ollos que fitaban fixos os dos interlocutores e sorrindo. E é que o seu sorriso tiña orixe bíblica, pois significa o seu nome en hebreo “o que fai rir”. (Di a Biblia que cando un profeta lle anunciou a Sara que ía ter un fillo ela escachou a rir; tiña noventa anos.) E Isaac sorría por fóra e por dentro na súa vellez porque xa chorara de abondo na súa mocidade.

A seu pai, o publicista e galeguista Camilo Díaz Baliño, inmolarono —esa a palabra que el usaba— uns asasinis falanxistas en agosto do 36 e a nai morreu, perdido o sentido, aos dous anos.

Pero o pai, antes, desde o cárcere, enviáralle ao fillo un regalo en forma de estrela literaria:

‘Prendinlle na cabeza do meu fillo,
unha estrelíña forxada na irmandá
e quero ver brillar a lus d’esa estrelíña
hasta chegar a cegar.
Que vexan os demais n’esa estrelíña
a lus da libertá,
que vexan que o tesouro máis querido
o ten o seu brillar.
Estrelíña feituca de cariños,
estrela do meu lar,
que sempre te levei como reliquia
de Terra, Dios e Nai,
xa te deixo prendida no meu fillo
por sempre endexamais’.

E como se dun mandato divino se tratase, aquel adolescente de quince anos asumiu como tarefa a permanencia desa estrela, ou sexa, unha actividade desbordante, un traballo intensísimo e eficaz en favor da Terra coa que identificaba o pai morto. Si, ben sabía el pola casa do valor do esforzo —do brazo e do cerebro— e de que o único lugar do mundo onde aparece o éxito antes que o traballo, é no dicionario.

Isaac, sempre desde a independencia de pensamento e compromiso vital, foi quen de erguer unha serie de obras que o configuraron como referente principal dunha Galicia viva, creadora, activa e con conciencia de seu, e foi deixando en segundo plano o seu oficio primeiro, máis íntimo e persoal, de excelente pintor.

Díaz Pardo creou, por exemplo, coa cerámica de Sargadelos, un signo de identificación colectiva novo, —como o himno, como a bandeira— cunha empresa ao redor dunha vella tradición, dunha nova estética e dunha conciencia definida. Todos temos na casa figuriñas varias, agasallos devotos de enxebreza e xogos de café ou vaixelas de cando as vodas.

Pero Díaz Pardo, emigrante activísimo tamén en Arxentina, entre o 50 e o 63, converteuse na volta no embaixador da Galicia austral e á súa beira sempre acharon garimosa acollida cantos viñan dos núcleos conscientes daquelas terras. Si, alí non só creara a cerámica da Magdalena —seguindo modelos do nacente Castro, coruñés, e

seino ben porque me avó levou moldes do Castro de aquí a alá nunha viaxe de 1952— senón que coñecera ben en profundidade o galeguismo porteño, assistira ás xuntanzas do I Congreso da Emigración, ás conferencias de Otero Pedrayo, compartira mesa co Capitán Galvao, antes daquela aventura atolada e romántica do secuestro do Santa María, e soñara con montar fábrica de cerámica na Cuba revolucionaria, como nos ten relatado o amigo Neira Vilas.

Si. Para os maiores, por exemplo Laxeiro, Eduardo Blanco Amor ou Pepe Neira Vilas, e xa non digamos Luís Seone, cando volveron, sabían que podían continuar en Galicia aquela amizade e aquel traballo, moitas veces forxado por primeira vez na longa noite da Cruz do sur.

E cando eu cheguei a Buenos Aires por primeira vez, para impartir clases de lingua e cultura de Galicia no seo da nosa colectividade, en 1987, vai para 31 anos, oía recorrentemente dous nomes de galegos. Un era Agustín Sixto Seco —na órbita do Centro Galego e do Centro Galicia que daquela representaban a galeguidade conservadora local, e o outro era simplemente “Isaac” pronunciado con respecto e admiración polos que foran mozos galeguistas da Asociación de Fillos de Galegos e das Mocedades Galeguistas, que o consideraban un dos seus.

Lembro, por exemplo, e lembramos moitos dos que estamos aquí, a amiguísima Cloty Iglesias, “Tacholas”, que sempre que viña me daba como referencia de contacto en Santiago a sede do Instituto Galego da Infomación, desaparecido hai xa dez anos.

A Antonio Pérez Prado, doutor tan afable e tan intelixente que deixou o seu herdo intelectual directamente a Galicia, a través da Penzol e do Consello da Cultura Galega.

Lembro a elegante princesiña da colectividade, Rosita Puente, interrogándose, preguntándose e preguntándome como se eu soubese, “E qué pensará Isaac” disto ou do outro.

Lembro aos hoxe en Galicia, entre nós, Pilar Jeremías e Martínez Romero... Para todos eles e para Ricardo Palmás ou Carlos Abraria, por exemplo, era Isaac, era si, dalgún xeito, ese contacto, ese embaixador que xa os acollera e que os acollía recorrentemente cando viñan, como o Maikar acollía aos visitantes máis institucionais dos grandes centros Galicia e Galego, máis avanzado o tempo.

Apostou tamén Isaac por rescatar a memoria coa súa editorial do Castro moito antes de que Galicia existise en forma de institucións e nunca se repregou sobre si, e sempre se abriu ás colaboracións como a que mantivo coa editorial antrifranquista parisina Ruedo Ibérico.

Pero non é momento este, por suposto, de facer un repaso polos soños erguidos por Isaac entre Galicia e América, nin dos que saíron ben nin dos que nunca acabaron de medrar, como o xornal Galicia.

O país é o que temos, e nós, seguindo o seu exemplo, debemos aprender e non ser nunca conformistas nin facer celebracións, aínda que sexan nun cemiterio, de pura saudade.

Debemos si, claro, tratar de seguir o dinamismo intelectual e humano de Isaac. E a súa xenerosidade, por suposto, da que moitos, diría eu que todos os galegos, dalgún xeito somos debedores.

Dicía Isaac nunha entrevista das últimas,

“Unha árbore sen raíces véñse abaixo. As cousas que non teñen tradición véñense abaixo. A tradición non é estar estancado, é traspaso, transmisión”.

El é xa parte desta terra pola que nós, simplemente, transitamos. El forma parte desas raíces fortes e fondas. Nós somos xa os encargados dese traspaso desa transmisión, dese ollar cara adiante.

E dicía tamén, “Somos unha nación... pero escarallada”. E algo diso hai.

Por iso, neste día de lembranza, neste cabodano, nesta nación escarallada que ás veces parece que se nos esvae entre os dedos das mans, reclamo pormos o ollo xeneroso e atento, desde o mundo público e privado, no mantemento do patrimonio cultural do Centro Galego de Buenos Aires, e do seu Instituto Arxentino de Cultura Galega. O esforzo do noso amor non pode ser inútil. O esforzo de todos é preciso para que aquela memoria pola que tanto turrrou Isaac non acabe espaxada co vento dunha historia aciaga ou disipada como a néboa coa raxeira do sol mañanceiro.

Por todas estas cousas e por moitas outras, é polas que merece ser homenaxeado e lembrado por sempre, o amigo, Isaac Díaz Pardo, parte fundamental xa desta amada Terra Nosa.

Homenaxe a Isaac Díaz Pardo

Víctor Freixanes
(Presidente da RAG)



Queridas amigas, queridos amigos, eu vou procurar non estenderme moito porque hai outras intervencións moi sentidas e porque ademais os predecesores no uso da palabra, Clodomiro e Afonso, fixeron unha magnífica glosa biográfica e de contexto tamén do que significa a personalidade e a obra de Isaac Díaz Pardo. Todos os que estamos aquí, practicamente todos os que estamos aquí, algúns noviños, algunhas noviñas, coñecemos a Isaac, tratamos a Isaac, falamos moito con Isaac e sentimos sobre nós a ollada penetrante, intelixente, ás veces irónica, sempre xenerosa e solidaria, de Isaac. Este é un acto de xustiza, de amor e de solidariedade. Tamén é un acto de esperanza, tamén é un acto de semente. Digo que é un acto de xustiza porque estamos arredor dunha desas persoas que contribuíron en tempos moi difíciles, en tempos moi atravesados, a manter vivo o alento de que o futuro era posible, de que o futuro podía construírse, podía conquistarse.

Hai dúas datas na resistencia da cultura galega, 1950, cando se crea a editorial Galaxia, e 1963, cando volven os exiliados, ou algún dos exiliados, e crean o Laboratorio de Formas, que xa tiña precedentes, como moi ben evocou Afonso Monxardín, en Buenos Aires. Son os dous esteos sobre os que se constrúe esa resistencia e esa esperanza de futuro. Logo hai outra xente, evidentemente. Afortunadamente o país é plural, o país ten moitas voces, pero arredor deses dous esteos foise construíndo ese futuro da esperanza. Eran personalidades, esteos distintos, pero complementarios. Era fermoso ver, por exemplo, como coincidían personalidades deses dous mundos, deses dous universos, ás veces en proxectos comúns. Falouse por exemplo do Instituto Galego da Información e do proxecto do Xornal Galicia e poderíamos falar doutros moitos onde esas persoas, que ás veces tiñan lóxicas diferenzas entre elas, sabían atopar ese espazo común da irmandade. A irmandade 1916, pero a irmandade tamén do galeguismo, a irmandade da resistencia interior, a irmandade dos

exiliados porteños, do Café Tortoni, do Centro Galego, da Federación de Sociedades Galegas, esa é a irmandade que facía que sendo distintos e tendo mesmo maneiras, proxectos diferentes para a vida, porque unha sociedade rica e unha sociedade moderna é sempre, debe ser sempre unha sociedade plural, sabían respectarse entre eles porque tiñan un horizonte común e un sentido común do respecto, o respecto que se fundamenta na democracia. A democracia é escoitar os demais e entender as razóns dos demais e ser quen de encontrar o espazo da construción de futuro dende esa diversidade, algo que tanto necesitamos na Galicia, na España, na Europa de hoxe. Ou topamos camiños para encontrarnos e escoitar os outros, non só colocar-lles o discurso, non só monologar co outro para que o outro trague as nosas verdades como cuestións incuestionables, ou escoitamos os outros para ser capaces de comprender tamén a outra razón ou isto non é posible. Isaac sabía escoitar. Logo tiña o seu. Todos coñecemos a Isaac e sabemos que tiña o seu. Tiña a súa personalidade, tiña o seu criterio. Unhas veces podías concordar ou non concordar con el. Pero a xenerosidade, o talento, a vontade e o sentido do traballo, a disciplina nese traballo, a esperanza e a sementeira de futuro, a capacidade para convocar xentes que puidesen ir construíndo o edificio, como el facía sempre... Por que Isaac empezaba sempre os edificios por unha escaleira? Atención á filosofía. A escaleira é o que se sobe. A escaleira é o que nos permite avanzar chanzo a chanzo, paso a paso, e ademais eran escaleiras que non tiñan final, que podían seguir subindo segundo iamos construíndo, como na figura de Castelao, iamos construíndo a obra entre todos. Ese espírito é o que estamos evocando aquí. Ese espírito é o que nos convoca a nós. Non somos moitos? Ben, outros anos fomos menos. E ademais estamos en condicións mesmo de aturar diluvios. Xa algún ano por pouco afogamos aí abaixo, pero estamos aquí. Hai tempos difíciles e non estamos a vivir o mellor dos tempos, eles tampouco o viviron. Pero atención á lección da memoria da historia: eles en tempos que non eran tampouco os mellores, pero que eran bastante máis ruíns ca os nosos, bastante máis arriscados ca os nosos, bastante máis perigosos ca os nosos, souberon chantar as bases desa esperanza, as bases dese futuro, co exemplo, o exemplo emprendedor do que falaba Afonso ou do que falaba Clodomiro, o exemplo de que as cousas hai que construílas sen medo, sen complexos, sen estar petando na subvención todo o día, sabendo que as cousas podemos levantalas entre todos traballando e con intelixencia, e con sentido da modernidade. Porque hai dúas maneiras, e remato, de entender a historia e de entender a causa: sentarse mirando para atrás laíndonos polo moito que perdemos ou virar a cadeira, mirar ao futuro e saber que imos deixar no camiño as cousas, pero que unha terra, unha nación, unha patria que está viva, é a que é capaz de construír distinto cara a diante. Ese era o exemplo de Isaac. Por iso hoxe é un acto de xustiza de amor e de solidariedade. Grazas, Isaac.

SEGUNDA PARTE

Palabras para Isaac

María do Cebreiro



Foi meu pai ao rematar o verán quen me dixo que aquel camiño que atravesaba a rúa das Hortas era o lugar no que Isaac xogaba de pequeno. Quizais daquela imaginando o mar coas súas velas brancas, proxectando nas figuras da igrexa de San Fruutuoso como se as catro virtudes teolóxicas que o pobo converteu en sotas da baralla fosen proas de nave, as catro naves dunha descuberta para nada imperial.

Durante anos levei ese camiño ás persoas que máis quixen; era un xeito de lles dicir “esta é tamén a miña cidade”, como se ela, xa vella, fose unha muller que desexase ser filmada por detrás mentres camiña, sabendo que a miúdo as nosas costas, que non sempre nos gardan, son a única parte do corpo que nos revela, como as tullas que en realidade nada poden alindar, rodean por detrás a pedra do Pazo de Fonseca.

A última vez que por alí pasei perdín un pendente de ouro. Crin perdelo, porque días despois ou quizais meses apareceu no chan de madeira, onde a cama. Quedara mergullado entre a roupa, e aquela noite ao me desvestir, as filigranas de tan delicadas como eran, non fixeron ruído. Os pendentes mercárallos a unha muller nunha tenda onde até non hai moito vendían chapas coa figura de Franco e algúns outros emblemas da iconografía falanxista, semellantes ás figuras da Sección Femenina que decoraban aínda os cadernos que usaba a miña primeira mestra na escola pública.

Nada diso sobrevivira cando entrei, pero non podo asegurar que a señora que amablemente me atendeu non fose a que até hai un pouco pretendía vivir da exaltación do pasado nacional-católico e non podo tampouco asegurar o contrario. Lembro que me contou que outra muller dos arredores de Santiago traballaba para ela facendo coas súas mans eses pendentes de filigrana de ouro, eses pendentes que entre nós, galegas, saben lucir mellor ca ninguén as aldeás. Non estou certo de llos

ter visto a miña avoa Lola, a nai de meu pai, fermosa e sobria, que á misa do domingo xeralmente levaba só uns aros de ouro máis pequenos que os que por influencia americana as revistas femininas chaman “criollas”.

Con todo, imaxinei que atesouraba algo tan fermoso mesmo mercado nunha tenda de pasado mediato-inmediato nacional-católico era serlle leal a unha memoria que coñecera semana si e semana non pero que amaba desde a raíz. Como se me tivesen arrincado dela pola forza. A señora aprendeume a poner os pendentes —“eu non sei por que os levades do revés” — e ao comezo custaba. Era no tempo da rehabilitación, tamén a min daquela me custaba moverme, inmovilizada como estivera durante meses, e aquela muller, quizais franquista por convición ou costume pero ancorada a unha sabedoría aldeá que a levou lonxe de todas as palabras que daquela escoitaba, entendeu coma ninguén o que me acontecera e deume un consello valioso que non direi aquí.

Eu metín, Isaac, ao final do verán o pendente que non perdera nunha carta e soprei como os cativos lle sopran aos barcos de xoguete na hora do baño mentres os enxabonan e eles contan historias de bruxas no medio do bosque, que usan o xampú como arma. Sopreille á carta, digo, que cruzou con valentía como se fose unha nave non imperial o océano por min, e o rapaz que entre caricias me fixo pensar que perdera o pendente recibiu o que non perdera das súas mans.

Direiche tamén que candoouben que o pendente perdido aparecera volveu cruzar o océano con el e tentou darme porque eran tan bonitos os dous xuntos que moito lle gustaría que os seguira poñendo. Pero eu sabía que nunca podería volver poñer aqueles pendentes porque o amor dunha vida é o amor dunha vida e quixen que o levara de volta na maleta coas súas filigranas de ouro, como as que ti facendo a América imaxinaches para nós, gardando a memoria das mulleres que no camiño do vento entre as hortas de Santiago non vían contradición ningunha entre as ondas da igrexa de San Frutuoso e a limpa dignidade da flor izada da verza.

Memorial das Irmandades de Compostela

Claudio Rodríguez Fer



Como eu xa teño falado aquí moitas ocasións con poemas dirixidos a Isaac Díaz Pardo ou tamén ao seu pai, Camilo Díaz Baliño, hoxe vindo de Lugo a Compostela e tendo en conta que é o ano outra vez do aniversario das Irmandades da Fala —da Asemblea neste caso de Lugo do ano 1918—, pois se celebrou hai dous anos xa a do dezaseis de Santiago de Compostela, vou ler o poema “Memorial das Irmandades de Compostela con Lorca ao lonxe. A Isaac Díaz Pardo, artífice maior da memoria de Galicia”.

MEMORIAL DAS IRMANDADES DE COMPOSTELA (CON LORCA AO LONXE)

A Isaac Díaz Pardo,
artífice maior da memoria de Galicia.

O irmán ergueuse unha mañá
e non a viu.
Saíu á rúa
e non a viu.
Fuxiu ao monte
e non o viu.
Volveu á casa
e non a viu.
E non tivo por onde camiñar

que non fosen cunetas e cunetas.
Mirou o caderno dos poemas
e non había ringleiras
senón soamente cunetas.

Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Abriu os libros de poesía
e non había verso ningún
que non fose escrito entre cunetas.

Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Onde soñara cunha irmandade
libre e nosa Lois Porteiro Garea.

Cunetas.

Onde se puxera en pé irmandiño
o nume libre de Ramón Cabanillas.

Cunetas.

Onde libre editara Ánxel Casal
e cosera libre María Miramontes.

Cunetas.

Onde pintaban libres Camilo Díaz Baliño,
a súa irmá Lolita e o seu fillo Isaac.

Cunetas.

Onde a Quintana paseaba en noite libre
a Federico García Lorca como a lúa.

Cunetas.

Onde o río Sar afluía de augas libres
ao Sarela e os dous a Compostela.

Cunetas.

Cada verso era a beira dun suco
ao que tan só lle cumpría outro verso
para converterse en cuneta.

Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Acaso non se fixo a chuvia para a cuneta
senón a cuneta para a chama.
Acaso non se fixo o chanzo para a cuneta
senón a cuneta para o chumbo.
Acaso non se fixo o choro das chorimas para a cuneta
senón a cuneta para enchoupar o chan de chagas.
Acaso non se fixo a cuneta para a irmandade
senón a irmandade para a cuneta.

No lugar onde medran as silveiras
e discorre a auga pola estrada
houbo antes un suco de sangue
inzando de nomes as cunetas:
A cuneta Ánxel Casal Gosenge
segundo se vén dende Cacheiras.
A cuneta Camilo Díaz Baliño
segundo se vai dende Santiago.
A cuneta do paseo anónimo
saíndo da Falcona a todas partes.
A cuneta Federico García Lorca,
que ocupa toda a veiga de Granada.

Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Así se fixo o Plan Nacional de Estradas
de mil novecentos trinta e seis:

Onde a silva medraba con máis arte,
metralla.

Onde o amor era libre polas curvas,
metralla.

Onde a verba se elevaba na rasante,
metralla.

Onde Galicia amencía en irmandade
metralla, metralla, metralla.

Deixando a vida polos sucos
sementastes tramo a tramo toda gabia
ata encher de esperanza cada foxo.

Que queimen o meu corpo cando morra:
que esporexan as cinzas por todas as cunetas:
que volvamos á vida todos xuntos:
aínda que sexa en versos irmandiños:
que volva falar a irmandade ao burgo.
Que volva pacer a dignidade ao mundo.



Parte dos asistentes momentos antes da ofrenda floral.

SEGUNDA PARTE



Ofrenda floral a Isaac Díaz Pardo, por Rita Ramos Pérez e Hugo Rojo Antelo, con Patricia Arias, que conduce o acto.





Un dos fillos de Isaac, Camilo, depositando unhas flores na tumba de seu pai.



Momento da solta de pombas.

Palabras de clausura

Xesús Alonso Montero



Bos días. Vou tratar de ser breve para que a chuvia non faga moito dano aos nosos corpos. Todos vós sabedes que hoxe é o 7 de xaneiro. A estas horas máis ou menos estaba morrendo en Bos Aires, a capital de Arxentina, no exilio, no hospital do Centro Galego, que foi evocado aquí oportunamente, Castelao.

Cito a Castelao porque quero facer algunhas referencias bibliográficas ao labor que sobre determinados temas e personaxes fixo ao longo da súa vida Isaac Díaz Pardo. Probablemente foi Díaz Pardo en Edicións do Castro o editor que máis libros sobre Castelao publicou desde que hai bibliografía sobre o xenial autor, e supoño que esta referencia era obrigada neste sete de xaneiro.

Como sabedes, na miña elocución sempre fago referencias ao que sería a vida de editor ou á vida de emprendedor ou á vida de creador de Isaac Díaz Pardo no ano que hoxe estamos iniciando. Iniciamos este sete de xaneiro facendo referencia a que ducias de libros en Edicións do Castro publicáronse sobre a vida e a obra de Castelao. Traio comigo este libro que vai estar dentro de moi poucas semanas moi presente nas librerías, nas escolas, nos institutos, nas tribunas das institucións. É o libro *Mar adiante*, de María Victoria Moreno, que será a protagonista o próximo 17 de maio do Día das Letras Galegas. Este é o primeiro libro que publicou aquela extraordinaria intelectual que, como sabedes, naceu nunha localidade de Extremadura, educouse de nena e de mozota na provincia de Segovia e daí pasa a Barcelona.

Este ano, o dezaioito de febreiro aqueles que sexan de Vigo saberán moi ben que chegou á ría de Vigo o capitán Nemo. Hai cento cincuenta anos chegou o capitán Nemo. Falo da novela *Vinte mil leguas de viaxe submarina*, de Xulio Verne. O Xulio Verne que eu lin de pequeno pensando que era lectura de nenos porque ninguén me orientou de que o capitán Nemo era tamén un librepensador, era un amante

das liberdades e era un amante sobre todo da técnica, do progreso, da ciencia e do futuro, e se iso está claro nalgunhas das súas grandes novelas moito máis claro está na novela na que o capitán Nemo —recordade o latín nemo,-inis = ninguén—, o enigmático “ninguén” chegou á ría de Vigo, onde están os galeóns de Rande. Tamén Isaac Díaz Pardo de estar vivo faría algo sobre o capitán Nemo, pero aquí non chegou porque Díaz Pardo aínda non tiña ese pauciño máxico que lle permitiría estar tamén no futuro.

Este ano é o cincuentenario do 68. Díaz Pardo viviu o 68, Díaz Pardo puxo a súa editorial ao servizo dos homes do 68 e Díaz Pardo cantaríaa convosco o himno do 68, o himno que cantou en inglés Joan Baez, aquela famosa manifestación de Martín Lutero King poco antes de ser inmolado, como diría Díaz Pardo. Con aquel himno termino, que tamén nalgunha ocasión cantei con Isaac Díaz Pardo, “Venceremos nós”.

A A.C. Irmáns Suárez Picallo dedicou varios números das súas publicacións a Isaac Díaz Pardo.

Na revista AREAL, o nº 4 (abril 2012) con motivo do seu pasamento.

E na serie “CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS” varios números Extraordinarios: **Isaac Díaz Pardo e as cerámicas do Castro** por Xosé Díaz, marzo 2011 (en vida de Isaac ao nomealo Socio de Honra da nosa Asociación).

Isaac en Sada: documentos, AA.VV. por mor do 1º cabodano (xaneiro 2013)

e a partir de 2014 recolleemos as intervencións que se din no cemiterio de Boisaca:

Chovía en Boisaca. Palabras para Isaac no II cabodano. AA.VV. (abril 2014).

Pombas e mazás. Palabras para Isaac no III cabodano. AA.VV. (abril 2015).

Opúsculo agradecido. Palabras para Isaac no IV cabodano. AA.VV. (xuño 2016).

Bo e xeneroso. Palabras para Isaac no V cabodano. AA.VV. (XUÑO 2017)

e este que tes nas mans, que é o Extraordinario nº 7.

Homenaxe a Isaac. No VI cabodano. AA.VV. (novembro 2018).



O grupo de gaitas “Os Catro de Vigo” interpreta a Marcha do Antigo Reino de Galicia e un pasodobre tradicional.



Entonouse “Grândola, vila Morena”.

Zeca Afonso

*Grândola, vila morena
Terra da fraternidade
O povo é quem mais ordena
Dentro de ti, ó cidade*

*Dentro de ti, ó cidade
O povo é quem mais ordena
Terra da fraternidade
Grândola, vila morena*

*Em cada esquina, um amigo
Em cada rosto, igualdade
Grândola, vila morena
Terra da fraternidade*

*Terra da fraternidade
Grândola, vila morena
Em cada rosto, igualdade
O povo é quem mais ordena*

*À sombra duma azinheira
Que já não sabia a idade
Jurei ter por companheira
Grândola, a tua vontade*

*Grândola, a tua vontade
Jurei ter por companheira
À sombra duma azinheira
Que já não sabia a idade*

ISAAC DÍAZ PARDO

Presencias Galegas
na arte
dos nosos días



Publicacións da Fundación
Otero Pedrayo

CADERNOS DE ESTUDOS LOCAIS

- Nº 1 - «O Ateneo de Cultura Política y Social: unha experiencia societaria na Sada da II República» · M. Pérez Lorenzo
- Nº 2 - «As letras e o mar» · M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo
- Nº 3 - «As letras e as festas» · E. Rocha Llobregat, M. L. Freire-Calvelo, R. Suárez Picallo, X. A. Suárez Picallo
- Nº 4 - «Manuel Couzo e o C. E. Sada y sus Contornos» · A. López Soto, M. Pérez Lorenzo
- Nº 5 - «A represión franquista en Sada. As vítimas mortais» · M. Pérez Lorenzo
- Nº 6 - «A sociedade Sada y sus Contornos» · M. Gayoso Barreiro
- Nº 7 - «Palabras de Nadal e Aninovo» · R. Suárez Picallo
Nº Extraordinario - «Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro» · Xosé Díaz
- Nº 8 - «Voces de xustiza. Artigos e manifestos dos anarquistas de Sada na II República» · AA.VV.
- Nº 9 - «Homenaxe a Juan Carlos Medal “Jaitos”» · AA.VV.
- Nº 10 - «As letras e as festas II» · M. L. Freire-Calvelo, X. A. Suárez Picallo
- Nº 11 - «Francisco Varela Posse. O fotógrafo de Sada» · F. Pita Fernández, M. Pérez Lorenzo
- Nº 12 - «Ricardo Flores. Sempre en Sada» · M. Pérez Lorenzo
- Nº 13 - «Fontán nas nosas letras» · R. Suárez Picallo, M. Lúgrís Freire, M. L. Freire-Calvelo
Nº Extraordinario - «Isaac en Sada: documentos» · AA.VV.
- Nº 14 - «Carnoedo na historia: textos e documentos» · AA.VV.
- Nº 15 - «O Entroido en Sada. A comparsa “Os Maleantes”» · AA.VV.
- Nº Extraordinario - «Chovía en Boisaca. Palabras para Isaac Díaz Pardo no II cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- Nº Especial - «Mariñana, unha revista ilustrada na Sada de 1925» · Xesús Torres Regueiro
- Nº 16 - «O Entroido en Sada: as comparsas “Os Broas” e “Os Pequeníños”» · AA.VV.
- Nº Extraordinario - «Pombas e mazás. Palabras para Isaac Díaz Pardo no III cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- Nº 17 - «Edificio “La Terraza” de Sada» · C. Fernández-Gago
- Nº 18 - «O Entroido en Sada. Comparsas do ano 1929» · AA.VV.
- Nº 19 - «Inundacións en Sada: consecuencias locais de fenómenos climáticos globais» · R. Carballeira Coego
- Nº Especial - «As sete Terrazas de Sada» · J. R. Soraluze Blond, Laura Bouza
- Nº Extraordinario - «Opúsculo agradecido. Palabras para Isaac Díaz Pardo no IV cabodano do seu pasamento» · AA.VV.
- Nº 20 - «A praia de Sada - I. Area, fango e orixe xeomorfolóxica» · R. Carballeira Coego, Á. Alonso Millán
- Nº 21 - «A praia de Sada - II. Evolución histórica recente» · R. Carballeira
- Nº 22 - «A praia de Sada - III. Natureza» · R. Carballeira Coego
- Nº 23 - «O Entroido en Sada. Comparsas do ano 1982» · AA.VV.
- Nº 24 - «Mimina. Unha vida ao servizo da cultura galega» · AA.VV.
- Nº Extraordinario - «Bo e xeneroso: Palabras de Isaac Díaz Pardo no V cabodano do se pasamento» · AA.VV.
- Nº 25 - «Homenaxe a Xosé Neira Vilas, amigo e grande escritor» · J. Martínez-Romero, A. Blanco Torrado
- Nº 26 - «O Entroido en Sada. Os Meigiños de Fontán. Ano 1987» · AA.VV.
- Nº 27 - «Conferencias pronunciadas por los señores Eduardo Blanco Amor y Ramón Suarez Picallo» · AA.VV.
- Nº 28 - «Unha conferencia sobre o pintor Francisco Llorens» · AA.VV.

Edita



A. C. IRMÁNS
SUÁREZ
PICALLO



Deputación
DA CORUÑA

